

RUAR E RIR

Algunhas cidades levan a fermosura no seu ADN, tiveron a sorte de seren construídas en paraxes que abraian os ollos máis exixentes. Hainas tamén que teñen edificios dunha arquitectura fascinante que as fan inconfundíbeis. E outras moitas contan, que non é pouco, cunha veciñanza emprendedora, de carácter agradábel e acolledora coa xente allea que as visita.

O concello de Carballo goza dun litoral, Razo e Baldaio, que fai emocionar a sensibilidade máis exquisita, e dispón dalgún edificio coma o Pazo de Vilar de Francos, na parroquia de Artes, que nos recorda o seu nobre pasado. Mais o seu centro urbano padece dos efectos dunha desfeita que acabou en poucos anos coa súa identidade arquitectónica, motivo polo que se se lle preguntaba a un carballés ou carballesa se lle gustaba a súa vila, a maioría contestaba que non.

Afortunadamente, dende hai uns vinte anos as cousas van mudando, ben é certo que a modiño, coma case todo nesta terra. Por citar algúns exemplos, aos parques do San Martiño e o Anllóns xuntáronse os paseos fluviaís; á recuperación do Cárcere vello coa súa biblioteca ás costas e ao Pazo da Cultura, sumáronse o Fórum e a nova Biblioteca do Rego da Balsa. Espazos, todos eles, construídos e acondicionados para o lecer e a formación da xente de Carballo.

E nese empeño de repensar a cidade como algo máis que un contedor de casas, negocios e coches, nesa idea de recuperar o seu tamaño clásico, que non debe ser outro que o humano, nesa procura do goce cidadán como finalidade última da súa existencia, nese camiño conflúen as iniciativas que nos reconcilian con esoutro Carballo que perdemos nalgún momento da súa historia.

Propostas que están a transformar as rúas de Carballo de vías de paso a lugares de convivencia democrática. A peonalización dalgunhas rúas céntricas e o proxecto “Derrubando muros con pintura”, que abriu portas de cores nas paredes de ladrillo á vista, son un exemplo de como as cidades poden mostrar a súa cara máis amábel e máis humana.

Así que tendo como referencia iniciativas postas en práctica noutras cidades como Murcia ou Madrid con “Te como a versos”, “Ruar e rir” é unha proposta plástico-literaria na que se pretenden utilizar os pasos de peóns para transmitir, de forma sutil, mensaxes humanistas, didácticas e transmisoras de bos sentimentos que alegren o tránsito dos/as viandantes pola vila e que provoquen algún tipo de conversa entre o peón e a rúa. Un xeito de rachar coa dureza do formigón para que a xente poida sentir a rúa coma un lugar preto, propio, un ben público que lle pertence.

En definitiva, consiste en darlle un novo sentido á relación do peón coa rúa baseándoa no respecto e na sensibilidade, coa pretensión de arrincarlle un sorriso ao cidadán ou cidadá que deambula, pasea sen rumbo, ou vai apurado/a por algunha obriga. Por ser unha intervención efémera, o paso do tempo, a chuvia, as rodadas e as pisadas, irán borrando as letras e, nalgúns casos, incluso mudarán o sentido das mensaxes, e tamén é posíbel que o imaxinario colectivo nunca esqueza eses sorrisos roubados polo asfalto.



JA!



CARBALLO: A UN PASO
COSTA DA MORTE